



## MEMORIA ACTIVIDADES FLUVIATILIS ANO 2023

### Fluviatilis: Custodia para a resiliencia

A Directiva Marco da Auga establece, a nivel comunitario, o obxectivo de conservar e restaurar o bo estado dos nosos ríos. España, como estado membro da Unión Europea, desenvolveu a Estratexia Nacional de Restauración Fluvial (ENRR), que propón acadar un bo estado ecolóxico mediante a xestión dos sistemas fluviais, recoñecendo a importancia da participación cidadá e implicando aos colectivos sociais. A partir do ENRR, o proxecto aborda, a través da custodia fluvial, a conservación e rehabilitación de ecosistemas de ribeira de tipoloxías representativas nun contexto ibérico (Cantabria, Cataluña, Comunidade Valenciana, Galicia e Rexión de Murcia) para aumentar a súa resiliencia ao cambio climático. (por exemplo, redución da pegada hídrica, restauración de sumidoiros de carbono, etc.) e mellorar a prestación de servizos dos ecosistemas (por exemplo, subministración e depuración de recursos hídricos, regulación de nutrientes, transporte de sedimentos, protección física contra inundacións, actividades recreativas, etc.).

Esta mellora dos sistemas fluviais conseguirase mediante a implantación de Solucións Baseadas na Natureza como a xestión e control de Especies Exóticas Invasoras, a restauración de ribeiras, prácticas agrícolas sostibles, xestión de humidais, etc.

Para iso, o proxecto busca promover a xestión compartida dos ríos e as súas marxes e avanzar na integración e participación das Administracións Públicas, dos sectores económicos e da cidadanía en xeral. O proxecto supón unha oportunidade para a xeración de emprego verde incluso a través de novas actividades económicas (paquetes ecoturísticos, creación e consolidación de viveiros de especies autóctonas de ribeira, inserción laboral de persoas con retos no seu desenvolvemento, cursos de formación, prácticas de persoal en formación, etc.) ou mediante a reconversión e integración das existentes.

ADEGA e o Proxecto Ríos farán as actividades nos seguintes ríos:

- ZEC Río Tambre
- ZEC Río Tea
- ZEC Sobreirais do Arnego
- Zec Macizo Central. Río Bibeí
- ZEPA Baixa Limia. Río Limia

Realizará en estas zonas accións de caracterización e diagnose, eliminación de especies exóticas invasoras, actividades de alerta temperá, restauración de ribeira implementando SBN, etc...

### Entidades participantes:

- Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA). Galiza
- Asociación de Naturalistas del Sureste (ANSE). Región de Murcia
- Asociación Red Cambera. Cantabria
- Grup de Natura Freixe (GNF) (Coord.) Cataluña
- Fundación LIMNE. Comunidade Valencía

## LIÑAS DO PROGRAMA.

O proxecto está estruturado en diferentes accións que se desenvolverán ao longo de 3 anos e medio de duración e que permitirán acadar os obxectivos propostos.

En 2023 comezaron xa todas as accións do proxecto. A continuación expóñense as actividades realizadas en 2023 en cada unha delas:


### A0. Desenvolvemento dun programa de comunicación e difusión.

A presentación oficial do Proxecto realizouse o **12 de decembro de 2022** en Quart de Poblet (Valencia), na sede da Fundació Limne.



Na sesión de inauguración presentouse o vídeo inicial do proxecto e a web onde se engadirán os contidos xerados dentro do proxecto: [www.fluviatilis.net](http://www.fluviatilis.net)

Realizouse dentro de esta mesma acción a formación de persoas interesadas (Stakeholders). Desenvolveuse un curso de formación teórico práctico o **5 de maio de 2023** sobre a problemática que producen as especies exóticas invasoras nos ecosistemas fluviais.



## A1. Renovación dos convenios existentes de custodia do territorio e consolidación de novos convenios.


Durante 2023 establecéronse contacto para renovar os acordos de custodia fluvial que ADEGA ten xa con administracións e particulares. Abordáronse novas iniciativas de firma de acordos de custodia co Concello de Ames e a AAVV de Lens.

## A2. Elaboración dunha guía para proxectos de restauración fluvial mediante a custodia do territorio.

Esta acción corresponde á realización do documento final que se producirá ao remate do proxecto. Durante o 2023 establecéronse as bases e elaborouse o índice que levará a guía para proxectos de restauración fluvial.

## A3. Caracterización e avaliación básica do estado dos servizos dos ecosistemas.

Iniciada xa en 2022, esta acción rematou en 2023 coa presentación de varios documentos sobre a caracterización dos espazos nos que se realizan as diferentes accións. Nesta caracterización aparecen os valores naturais, sociais e económicos dos espazos custodiados así como un listado dos servizos ecosistémicos que proporcionan os diferentes hábitats.



## A4. Caracterización e diagnóstico mediante unha metodoloxía normalizada do estado de conservación das zonas de actuación.

Ao longo de todo o proxecto, unha das accións a realizar é a diagnose da calidade ecolóxica dos espazos onde se fará posteriormente a xestión das especies invasoras. Esta acción é fundamental para establecer a situación de partida e para valorar a incidencia das actuación sobre o ecosistema fluvial. Realizanse dous estudos a ano, unha vez en primavera e outra en outono, das comunidades de macroinvertebrados bentónicos para establecer a calidade ecolóxica de cada unha das masas de auga obxectivo. Fanse tamén medicións dos parámetros fisicoquímicos e estudo da calidade hidromorfolóxica.

Recollida e procesado de mostras e medicións físico – químicas:



## A5. Deseño de actuacións para a conservación e rehabilitación dos ecosistemas fluviais mediante a implantación de Solucións Baseadas na Natureza.

Neste apartado e durante este ano 2023 elaborouse un plan de continxencia para poder anticiparse a posibles problemas nas realización das actividades. En anos vindeiros e en función do resultado das accións de xestión do medio fluvial, deseñaranse e implantaranse solucións baseadas na natureza que proporcionen unha maior resiliencia ás zonas de actuación escollidas por cada entidade.

## A6. Xestión e control de especies exóticas invasoras.

En 2023 comezou esta acción na que se realizan actuacións directas de xestión do ecosistema fluvial. ADEGA seleccionou 5 zonas para a actuación. En 3 delas lévanse a cabo actividades de eliminación de especies exóticas invasoras de flora. Nos outros dous ámbitos de actuación realízanse accións de prevención para a alerta temperá de calquera especie invasora que se detecte, aspecto moi importante na loita contra as invasións biolóxicas.

### Xornadas de eliminación de EEI:

#### ZEC río Tambre: 1 de xuño e 21 de novembro de 2023

No río Tambre abórdouse a eliminación dunha mancha incipiente de *Tradescantia fluminensis*, localizada no interior duns muíños propiedade da AAVV de Lens cos que se asinará un acordo de custodia fluvial. Ao ser unha mancha localizada organizáronse dúas quendas de eliminación para acadar a erradicación da especie invasora.

Xuño 2023:




Novembro 2023:



**ZEC río Tea: 17 de xuño de 2023.**

Nesta actividade realizáronse tarefas de eliminación dunha mancha de *Phyllostachys* spp.; medición de superficies e estimación do material vexetal retirado; toma de fotografías do antes o despois.



**ZEC Baixa Limia: 29 de setembro 2023**

Nesta zona de actuación fixéronse tarefas de seguimento e eliminación de *Ludwigia grandiflora*, que estase a espallar pola canle do río Limia no concello de Rairiz de Veiga.



## A9. Desenvolvemento de campañas de educación, sensibilización e voluntariado ambiental.

Na acción 9 existen varias subaccións que teñen que ver coa divulgación da problemática que as especies exóticas invasoras (EEI) producen no medio fluvial. Para o desenvolvemento desta campaña instalouse a exposición editada por ADEGA: “Unha Invasión Silenciosa: a Biodiversidade Baixo Ameaza” que fala sobre os custos ambientais, sociais e económicos das bioinvasións e ofrece propostas para a realización de actividades sobre as especies invasoras dende diferentes ámbitos sociais.

Esta exposición instalouse en 10 centros de ensino próximos á zona de actuación e realizouse unha visita guiada pola exposición. Nalgúns centros fíxose tamén unha saída ao río para o recoñecemento de EEI no medio natural.

### – Instalación da EEI en centros de ensino:



Nas actividades de voluntariado ambiental correspondentes a esta acción 9 realizáronse campos de voluntariado de fin de semana e xornadas de voluntariado dun día. Tamén se realizou un bioblitz (descuberta de biodiversidade) nun dos espazos escollidos. En 2023 fíxose este inventario de biodiversidade no río Tambre.

— **Bioblitz río Tambre 27 de maio de 2023:**

**BIOBLITZ FLUVIAL**  
á procura da biodiversidade

**fluviatilis**  
Custodia para a resiliencia

Sábado, 27 de maio de 2023  
10:30 h  
Río Arnego e Río Tambre

LIC Rede Natura Arnego e LIC Rede Natura Tambre | [www.fluviatilis.net](http://www.fluviatilis.net)



Inscríbete!



ANSE | FREIXE | WMOE | red cambero

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia | Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU



– **Xonadas de voluntariado ambiental para a eliminación de EEI.**

Correspóndense cos campos de voluntariado do río Tea e as eliminacións nos ríos Tambre e Limia. En todas estas actividades a participación foi elevada, cubríndose as prazas de voluntariado ofrecidas .





## CAMPO DE VOLUNTARIADO NO RÍO TEA

**fluviatilis**  
Custodia para a resiliencia

16, 17 e 18 de xuño de 2023  
Río Tea  
Pontevedra

Concello de Mondariz

www.fluviatilis.net



## XORNADA DE VOLUNTARIADO PARA A ELIMINACIÓN DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS

**fluviatilis**  
Custodia para a resiliencia

Venres, 29 de setembro de 2023  
09:20 h  
Río Limia

Río Limia, Rairiz de Veiga

www.fluviatilis.net



## XORNADA DE VOLUNTARIADO PARA A ELIMINACIÓN DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS

**fluviatilis**  
Custodia para a resiliencia

Xoves, 1 de xuño de 2023  
09:30h - 14:00h  
Río Tambre

Concello de Ames

www.fluviatilis.net



## XORNADA DE VOLUNTARIADO PARA ELIMINACIÓN DE EEI NO TAMBRE

**fluviatilis**  
Custodia para la resiliencia

Xoves, 1 de xuño de 2023  
09:30 h  
Río Tambre

Concello de Ames

www.fluviatilis.net

- 09:30 h Recepción do voluntariado no punto do encontro
- 09:45 h Introducción á problemática das EEI nos ecosistemas fluviais
- 10:00 h Desprazamento á zona de traballo no río
- 10:15 h Toma de medidas na zona de traballo e selección da metodoloxía de eliminación
- 10:30 h Eliminación de *T. flumiensis*
- 12:30 h Descanso
- 13:00 h Recollida dos restos eliminados e avaliación da actuación
- 14:00 h Fin da xornada